

* A superficie indicada na segunda columna da táboa corresponde ao número de postos escolares establecido no artigo 27.1º do Real decreto 1537/2003, do 5 de decembro. Poderán autorizarse unidades para menos de trinta postos escolares, polo que será posible reducir os espazos formativos proporcionalmente ao número de alumnos, tomando como referencia para a determinación das superficies necesarias as cifras indicadas nas columnas segunda e terceira da táboa.

* O «grao de utilización» expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espazo prevista para a impartición das ensinanzas, por un grupo de alumnos, respecto da duración total destas ensinanzas.

* Na marxe permitida polo «grao de utilización», os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnos que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.

* En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas aos espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns.

* Non se debe interpretar que os diversos espazos formativos identificados se deban diferenciar necesariamente mediante pechamentos.

4.3. Validacións e correspondencias.

4.3.1. Módulos profesionais que poden ser obxecto de validación coa formación profesional ocupacional.

* Encofrados e esteados.

* Armaduras.

* Formigón.

* Prefabricados estruturais.

* Conducións lineais sen presión.

* Administración, xestión e comercialización na pequena empresa.

4.3.2. Módulos profesionais que poden ser obxecto de correspondencia coa práctica laboral.

* Encofrados e esteados.

* Armaduras.

* Formigón.

* Prefabricados estruturais.

* Conducións lineais sen presión.

* Formación en centro de traballo.

* Formación e orientación laboral.

4.4. Distribución horaria.

* Os módulos profesionais deste ciclo formativo organízanse do seguinte xeito:

Horas totais	Denominación dos módulos
	1º, 2º e 3º trimestre
320	Organización dos traballos de obras de formigón

Horas totais	Denominación dos módulos
375	Armaduras
130	Conducións lineais sen presión
80	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa
	4º e 5º trimestre
110	Seguridade na construción
165	Encofrados e esteamentos
145	Formigón
130	Prefabricados estruturais
55	Relacións no equipo de traballo
55	Formación e orientación laboral
	6º trimestre
380	Formación en centros de traballo
	1º, 2º e 3º trimestre
55	Horas á disposición do centro

* As horas de libre disposición do centro neste ciclo formativo son 55, que se utilizarán nos tres primeiros trimestres.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 1 de abril de 2005 pola que se regulan os cursos de formación en lingua galega e as validacións correspondentes.

Advertido un erro na Orde do 1 de abril de 2005 pola que se regulan os cursos de formación en lingua galega e as validacións correspondentes (DOG nº 71, do 14 de abril), cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 6.097, artigo 18º, onde di: «á que se refire o artigo 14º desta orde», debe dicir: «á que se refire o artigo 16º desta orde».

Orde do 13 de abril de 2005 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2004-2005.

A orde do Ministerio de Educación e Cultura do 13 de decembro de 1999 pola que se crean os premios nacionais de bacharelato e se establecen os requisitos e o procedemento para a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato (BOE do 25 de decembro), determina no seu artigo 3.1º que as comunidades autónomas con plenas competencias en materia educativa poderán convocar e conceder premios extraordinarios de bacharelato nos seus ámbitos territoriais.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso desta habilitación e das atribucións que ten conferidas, e de acordo co disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 11 de decembro), en todo aquilo que non se opoña ao Decreto legislativo 1/1999,

do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, tras a modificación operada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo

DISPÓN:

Artigo 1º

Convócanse en Galicia os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2004-2005.

Artigo 2º

1. Poderase conceder un máximo de 21 premios extraordinarios.

2. Cada premio estará dotado con 600 €, con cargo á partida orzamentaria 07.03.323A.480.1.

Artigo 3º

1. Poderá optar ao premio extraordinario de bacharelato o alumnado que cursara en centros docentes españois, tanto de carácter público como privado, os dous cursos de calquera modalidade de bacharelato e que finalizara estes estudos na Comunidade Autónoma de Galicia no ano académico 2004-2005.

2. Para poder participar nesta convocatoria será necesario que a media das cualificacións obtidas nos dous cursos sexa igual ou superior a 8,75 puntos.

3. Para obter a nota media computaranse exclusivamente as cualificacións obtidas nas materias comúns, propias de modalidade e optativas, dos dous cursos de bacharelato, tendo en conta o disposto no artigo 5.3º do Real decreto 2438/1994, do 16 de decembro, polo que se regula a ensinanza da relixión no sistema educativo.

4. A dita nota será a media aritmética das cualificacións do conxunto de materias a que se refire o punto anterior.

Artigo 4º

1. O alumnado que, reunindo os requisitos indicados, desexe optar ao premio extraordinario, deberá inscribirse, ata o día 31 de maio de 2005, no instituto no que se atope o seu expediente académico, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Para formalizar a inscrición deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Certificación académica segundo o modelo do anexo II.

b) Fotocopia do DNI.

c) Instancia cuberta segundo o modelo do anexo III.

3. Rematado o prazo de inscrición, os secretarios dos centros comunicarán ao Servizo de Planificación Educativa da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, por fax (981 54 65 42) ou correo electrónico (spe@edu.xunta.es), o día 2 de xuño de 2005, a lista do alumnado inscrito coa indicación da lingua estranxeira cursada e a opción pola que

opta o alumno nas materias que conforman a segunda parte da proba segundo a distribución que figura no anexo I, e remitirán as solicitudes de inscrición que estean no seu poder ao citado servizo.

4. De acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, se a solicitude de inscrición non reunise os requisitos precisos requirirase o interesado para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándose que, de non facelo, se considerará como desistido da súa petición, arquivándose esta logo de resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42.1º da citada lei.

Artigo 5º

1. As probas estruturaránse en dúas partes, a realizar cada unha nun tempo máximo de dúas horas:

Primeira parte:

a) Análise e comentario crítico dun texto sobre un tema de carácter xeral, histórico, filosófico ou literario.

b) Resposta a cuestións de carácter cultural ou lingüístico sobre un texto na lingua estranxeira cursada polo alumno como materia común de bacharelato. O exercicio realizarase sen dicionario no idioma correspondente.

Segunda parte:

Desenvolvemento de temas, respostas a cuestións e/ou exercicios prácticos de dúas materias cursadas polo alumno segundo as opcións que se recollen no anexo I.

2. Cada exercicio de cada parte da proba cualificarase entre 0 e 10 puntos.

A puntuación definitiva será a suma total de cada unha das cualificacións obtidas. Para aspirar ao premio extraordinario, o alumnado deberá obter en cada exercicio, polo menos, cinco puntos e unha cualificación total de 28 puntos ou máis.

Posto que o número de premios propostos non pode ser superior ao que resulte da aplicación do artigo 2 desta orde, en caso de empate darase preferencia ao mellor expediente académico.

Artigo 6º

1. O tribunal encargado de elaborar, supervisar e avaliar as probas estará presidido polo director xeral de Centros e Ordenación Educativa, ou persoa na que delegue, e constituído por funcionarios dos corpos de inspectores de educación e/ou por profesores de ensino secundario especialistas, todos eles, nas distintas materias obxecto da proba, designados pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa. Actuará como secretario o xefe de Servizo de Planificación Educativa.

2. Para efectos de colaboración no disposto no parágrafo anterior poderanse constituír comisións delegadas integradas por membros do tribunal e outros especialistas nas distintas materias que compoñen as probas.

3. O tribunal fará pública a acta provisional coas cualificacións obtidas polos candidatos nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria así como a través do portal educativo da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.es> (ruta: Consellería, Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, Convocatorias).

4. Os alumnos examinados, ou os seus pais ou representantes legais, poderán reclamar por escrito contra a cualificación obtida, mediante instancia dirixida ao presidente do tribunal e remitíndoa á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa no prazo de dez días hábiles a partir do seguinte a aquel no que sexan públicas as cualificacións.

Artigo 7º

1. Unha vez resoltas as reclamacións, o tribunal elaborará a acta coa proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios.

O orixinal quedará arquivado na Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e serán remitidas copias del á Dirección Xeral de Universidades, aos rectorados das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, á Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa do Ministerio de Educación e Ciencia e ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. De acordo coa proposta feita polo tribunal, o director xeral de Centros e Ordenación Educativa elevará a dita proposta para a publicación do *Diario Oficial de Galicia* da resolución de concesión ditada polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

3. O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de oito meses desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria, tendo efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

Artigo 8º

Contra a devandita resolución de adxudicación dos premios poderase recorrer mediante recurso de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º

1. O alumnado que obteña premio extraordinario de bacharelato poderá optar, logo de inscrición, ao premio nacional.

2. A obtención do premio extraordinario será anotada no expediente académico do alumno polo secretario do centro no que realizou a inscrición.

3. Así mesmo, o secretario do tribunal anotaráo no libro de cualificacións mediante a dilixencia correspondente. Para iso, os interesados deberán enviar, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación da citada resolución de concesión dos premios, o seu libro de cualificacións ao Servizo de Planificación Educativa da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa.

Artigo 10º

A obtención de algún dos premios extraordinarios será incompatible coa percepción doutros premios convocados co mesmo fin polas administracións educativas doutras comunidades autónomas.

Artigo 11º

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios e, en todo caso, a obtención concorrente de outros premios convocados co mesmo fin polas administracións educativas de outras comunidades autónomas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 12º

O alumnado gañador dos premios ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse as direccións xerais de Centros e Ordenación Educativa e de Universidades para ditar cantas normas sexan oportunas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Materias que compoñen a segunda parte da proba

Opcións	Materias
A	* Debuxo artístico II * Historia da arte
B	* Matemáticas II * Física
C	* Bioloxía * Química
D	* Latín II * Historia da arte
E	* Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II * Xeografía
F	* Tecnoloxía industrial II * Electrotecnia

ANEXO II

O secretario do IES _____ de _____

CERTIFICA:

Que o/a alumno/a _____
 acadou a nota media de _____ nas cualificacións obtidas nos dous cursos de bacharelato, polo que reúne os requisitos establecidos na Orde do _____, co fin de participar nas probas para a obtención dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2004-2005.

_____, _____ de _____ de 200__

(Sinatura e selo)

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED311A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		NIF	
DATA DE NACEMENTO	TELÉFONO	ENDEREZO (PARA EFECTOS DE COMUNICACIÓN)			
LOCALIDADE		PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL	
CENTRO (OU CENTROS) EN QUE CURSOU OS SEUS ESTUDOS			IES AO QUE ESTÁ ADSCRITO AO (SÓ PARA ALUMNOS DE CENTROS PRIVADOS)		
LOCALIDADE		PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL	
PRIMEIRO IDIOMA ESTRANXEIRO CURSADO NO BACHARELATO					
<input type="checkbox"/> ALEMÁN		<input type="checkbox"/> FRANCÉS		<input type="checkbox"/> INGLÉS	
MODALIDADE DE BACHARELATO CURSADA			INDICAR CUN CÍRCULO A OPCIÓN ELIXIDA PARA O EXAME DAS MATERIAS OU PROPIAS DE MODALIDADE		
<input type="checkbox"/> ARTES. <input type="checkbox"/> CC. DA NATUREZA E SAÚDE. <input type="checkbox"/> HUMANIDADES E CC. SOCIAIS. <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA			A: DEBUXO ARTÍSTICO II HISTORIA DA ARTE B: MATEMÁTICAS II FÍSICA C: BIOLOXÍA QUÍMICA D: LATÍN II HISTORIA DA ARTE E: MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CC. SS. II XEOGRAFÍA F: TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II ELECTROTECNIA		

Desexa tomar parte nas probas para a obtención dos premios extraordinarios de bacharelato convocados por Orde do _____.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 13 de abril de 2005 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2004-2005.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, _____ de _____ de 200__

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Resolución do 13 de abril de 2005, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o acceso e a admisión aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos.

A Orde do 1 de abril de 2002 (DOG do 12 de abril) regula as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica.

A Orde do 24 de abril de 2000 (DOG do 30 de maio) regula a admisión do alumnado en bacharelato e ciclos formativos de grao medio de formación profesional específica en centros sostidos con fondos públicos.

A Orde do 12 de abril de 2002 (DOG do 29 de abril) regula a admisión do alumnado nos ciclos formativos de grao superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos.

O Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro (DOG do 19 de xaneiro), regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficio dirixidos a eles.

As disposicións derradeiras destas ordes autorizan a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditaren as instrucións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do previsto nelas.

Na súa virtude, estas direccións xerais

RESOLVEN:

Capítulo I

Ciclos formativos de grao medio

I. Condicións de acceso e admisión.

Primeiro.-Acceso aos ciclos formativos de grao medio.

1. Terá acceso directo aos ciclos formativos de grao medio o alumnado que cumpra algún dos requisitos seguintes:

- a) Posuír o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- b) Posuír o título de técnico auxiliar.
- c) Posuír o título de técnico.
- d) Ter aprobado o segundo curso do bacharelato unificado polivalente (BUP).
- e) Ter superado o segundo curso do primeiro ciclo experimental da reforma das ensinanzas medias.
- f) Ter superados o terceiro curso do plan de 1963 (Decreto 2127/1963, do 24 de xullo, BOE do 6 de

novembro) ou o segundo curso de comúns experimental (Decreto 179/1988, do 7 de xullo, DOG do 18 de xullo) das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos.

g) Ter superados outros estudos declarados equivalentes con algún dos anteriores para efectos académicos.

2. Así mesmo, poderá acceder aos ciclos formativos de grao medio aquel alumnado que, malia non reunir algún dos requisitos especificados no punto anterior, supere a proba de acceso definida na Orde do 1 de abril de 2002 para aquelas persoas que estean nalgunha das condicións indicadas no punto noveno da citada orde.

3. Estes dous xeitos de acceso son incompatibles. En todo caso, ao acceso mediante proba unicamente poderán concorrer as persoas que carezan de requisitos académicos que posibiliten o acceso directo.

4. O alumnado de 4º de ESO que sexa proposto para o título no mes de setembro entenderase que non cumpre os requisitos para o acceso directo no mes de xuño.

Segundo.-Distribución de prazas nos centros.

Nos centros sostidos con fondos públicos, a distribución das prazas dispoñibles para cursar cada ciclo formativo realizarase consonte o seguinte:

1. O 20% das prazas reservarase para aqueles solicitantes que, malia non reuniren os requisitos académicos para o acceso directo, acrediten que superaron a proba de acceso definida na Orde do 1 de abril de 2002.

2. As prazas restantes reservaranse para aquel alumnado que reúna os requisitos establecidos para o acceso directo.

3. As porcentaxes establecidas nos puntos anteriores son acumulables entre si. Se non houber suficiente alumnado para cubrir as prazas de acceso directo, as sobrantes acumularanse ás previstas para acceso mediante proba. Así mesmo, se non houber suficiente alumnado que acceda mediante proba de acceso, as prazas sobrantes acumularanse ás previstas para acceso directo. Procederase a efectuar a acumulación das prazas vacantes polas comisións provinciais e, de ser o caso, pola comisión autonómica na derradeira fase do proceso de admisión.

4. Todos os ciclos formativos agás o ciclo medio de mergullo a media profundidade disporán dunha praza adicional reservada para o alumnado que reúna os requisitos de deportista galego de alto nivel, segundo o establecido no Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro (DOG do 19 de xaneiro).

II. Inscripción e desenvolvemento das probas de acceso.

Terceiro.-Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

A proba de acceso acreditará que o aspirante posúe coñecementos e habilidades suficientes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. É común para